

SENDA NA PO-313 EN MOAÑA

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras a efectuar para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-313 entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 11+630 e 12+720, do 13+140 ao 13+360 e do 13+640 ao 15+260, no municipio de Moaña, provincia de Pontevedra.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-313 *Marín - Moaña (PO-551)*, entre os PP.QQ. 11+630 e 12+720, pertence a rede complementaria da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG), mentras que do PP.QQ. 13+140 ao 15+260, pertence á rede local da RAEG.

3. Descrición da actuación

A actuación consiste na execución dunha senda en varios treitos da estrada PO-313. Estes novos treitos uniránse a treitos de beirarrúas xa existentes que se deberán adecuar co fin de facer o itinerario máis homoxéneo e mellorar a accesibilidade.

A senda discorre pola marxe dereita da estrada, agás nun pequeno treito na entorna do P.Q. 14+990 que por falta de espazo, deberá pasar a marxe esquerda.

Os treitos de actuación son (PP.QQ.):

- do 11+630 ao 12+720 (Broullón), execución dunha nova senda.
- do 13+140 ao 13+360 (Bouzafigueira), nova senda.
- do 13+690 ao 14+190 (Marrúa), nova senda que enlaza no P.Q. 14+190 cun treito de beirarrúa existente.
- do 14+190 ao 14+640 (Sabaceda), mellorarase a accesibilidade das beirarrúas existentes.
- do 14+640 ao 15+260, nova senda que unirá treitos que contan con beirarrúas xa existentes

Ademáis, melloraránse as paradas de bus situadas nos PP.QQ. 11+960, 12+250 e 13+980, nas que se substituirán os refuxios existentes por un novos corporativos, levaranse a cabo actuacións na drenaxe da estrada, executaranse varios muros de contención e modificarase o entronque do Camiño de Sabaceda coa PO-313 para mellorar a saída de vehículos.

4. Características técnicas

Lonxitude da senda: 2.880 m, dos cales uns 450 m serán de beirarrúas existentes.

Sección tipo: - Calzada: mantense o ancho existente salvo lixeiras modificacións.

- Senda: - en zonas con edificación dispersa: 2,50 m incluído bordo, elevado 3 cm sobre a calzada.
- en itinerarios existentes adaptarase ao ancho dispoñible e elevación segundo a cota existente (3-10 cm).

Firmes e pavimentos:

- Senda: entre 17 e 24 cm de saburra ZA-0/20 e 16 cm de pavimento de formigón coloreado HF3.5, sen mallazo e pavimento podotáctil. Bordo de formigón remontable sobre asento de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.

- Accesos a parcelas contiguas: 13 cm de saburra ZA-0/20 e 20 cm de pavimento de formigón coloreado HF-3.5 con mallazo.

Nos treitos donde xa existe beirarrúa, será necesaria a demolición do pavimento existente co fin de homoxenizar o treito.

- Aparcadorio e Camiño de Sabaceda: demolición do pavimento existente, posterior escavación de 1 m e reposición con 75 cm de solo seleccionado (explanada tipo E2), 25 cm de saburra artificial ZA-20 e 5 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 16 SURF BC 50/70 S.

- Calzada: nas zonas donde é necesario actuar sobre a plataforma, realizarase a demolición das beiravías existentes en modificacións de trazado no lado da senda, posterior escavación 1 m e reposición con 75 cm de solo seleccionado (explanada tipo E2), 25 cm de saburra artificial ZA-20 e 5 cm de MBQ tipo AC 16 SURF BC 50/70 S. Nos carrís extenderase unha capa de microaglomerado en frío 8 e emulsión asfáltica tipo C60BP4 MIC.

Drenaxe:

Modificarase a rede existente mediante a incorporación de novos elementos: gabias no camiño de Sabaceda de sección triangular de 0,25 m de ancho e 0,09 m de profundidade, novos colectores de PVC Ø400 mm e novos sumidoiros de 50x30 cm, con tapa de fundición, onde sexa preciso.

Estruturas:

Proxectanse 12 muros de perpiaño de altura variable (1,00 - 5,60) e un muro de formigón armado no P.Q. 13+890, de 3,90 m de altura mínima e 4,50 m de altura máxima.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Moaña 19.320 hab.

TOTAL: 19.320hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Moaña.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 68, no concello de Moaña

Solo	230.198,02 €
Bens afectados	71.941,50 €
Premio de afección 5%	15.106,98 €
Ocupacións temporais	7.055,45 €
Total Expropiacións:	324.301,95 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	2.726.537,13 €
Orzamento de Expropiacións	324.301,95 €
Orzamento de Seguimento Arqueolóxico	1.500,00 €
Orzamento de Reposición de servizos	40.000,00 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	3.092.339,08 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONES TIPO


S-7 (SECCIÓN SENDA CON MURO DE PERPIAÑO)



S-1 (SECCIÓN REPOSICIÓN DE ACERA EXISTENTE P.K. 14+195-14+645)



S-3 (SECCIÓN SENDA CON APARCAMIENTO)



S-8 (SECCIÓN SENDA CON MURO DE HORMIGÓN P.K. 13+875-13+895)

